

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

CORRECCIÓN DE ERROS. Extracto da Resolución do 29 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o fortalecemento e a ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e mellora de infraestruturas de investigación e de ensaio e experimentación no marco da RIS3 Galicia 2021-2027, susceptibles de ser cofinanciadas pola Unión Europa no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN607E).

Advertido un erro no texto do extracto da citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 16, do 23 de xaneiro de 2024, cómpre efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 6163, onde di:

«Ningunha entidade poderá recibir unha axuda ao abeiro desta convocatoria por un importe superior a 4.000.000 millóns de euros. Este límite máximo é independente do número de axudas concedidas».

Debe dicir:

«Ningunha entidade poderá recibir unha axuda ao abeiro desta convocatoria por un importe superior a 4.000.000 de euros. Este límite máximo é independente do número de axudas concedidas».

